



Concello de Xove

Expediente núm.: 434/2022
Procedemento: SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL. 2 PRAZAS DE INFORMADOR TURÍSTICO.
DOCUMENTO: APROBACIÓN LISTA ADMITIDOS/EXCLUIDOS E CONVOCATORIA PROBAS
DOCUMENTO ASINADO POR: ALCALDE e SECRETARIO

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

VISTA a certificación expedida polo Secretario Municipal obrante no expediente acreditativa dos candidatos presentados ao concurso-oposición convocado mediante Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 121 de data 28 de maio de 2022 para a provisión de 2 prazas de Informador Turístico para a Oficina de Información e Turismo de Xove na temporada de verán.

Revisada a documentación aportada en cada una das solicitudes de participación presentada.

En cumprimento do disposto nas Bases 9 e 10 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 14 de xuño de 2021.

No uso das competencias que me otorga o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Lista Provisional de Admitidos e Excluídos no procedemento selectivo de razón que a seguir se transcribe:

ADMITIDOS/AS:

1. Borja Arias Mas
2. Patricia Pérez López
3. German Abad Corvo (deberá efectuar a proba de coñecemento da lingua galega prevista na Base 5.2)
4. Lucía Peña Lestegás

EXCLUÍDOS/AS

NINGÚN/NINGUNHA

Como quera que non hai ningún/ninguna participante excluída a





Concello de Xove

presente lista provisional enténdese automaticamente elevada a definitiva.

SEGUNDO.- Ordear a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello e na súa páxina web ós efectos do disposto na citada Base 8 (Recursos contra a Lista Definitiva).

TENDO EN CONTA o disposto na Base 9 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de 20 de maio de 2021.

No uso das competencias que me otorga o artigo 21.1.g) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
RESOLVO,

TERCEIRO.- Proceder a designación dos membros do Tribunal de Selección:

Presidente Titular: D. Alberto Rapa Martínez (Encargado do Negociado de Recursos Humanos).

Vocais:

Dña. María José Rego Domínguez, administrativo. Suplente: Dña. Carolina Louzao vilasa, Aux. Administrativo.

D. Luis María Fernández del Olmo, Secretario Municipal; suplente: D. Albano Riveira Paleo.

Dña. Elena Santos Rey, Interventora Municipal; suplente: D. Manuel Peteira González.

Secretario: D. Pablo Sánchez Lage, funcionario adscrito á Secretaría Municipal; suplente: Dña. M^a Teresa Cociña Casabella.

CUARTO.- A celebración das probas da Fase de Oposición terá lugar ás 10 horas do día 13 de xuño de 2022, luns, na Aula de Formación do Concello de Xove debendo os participantes comparecer no lugar designado 30 minutos antes, ás 9'30 horas, do inicio das probas provistos do DNI e de bolígrafo/s non permitíndose a utilización de ningunha outra clase de material durante a celebración das probas.

Tamén será obrigatorio, por razóns do COVID-19, ir provisto de mascarilla de protección.

Cinco minutos antes do inicio das probas efectuarase un último chamamento. Aqueles participantes que non estiveran presentes quedarán automática e irrevocablemente excluídos.

QUINTO.- Notifíquese a presente Resolución que serve de citación ao





Concello de Xove

Tribunal e aos aspirantes consonte sinala a Base 10 mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Xove.

SEXTO.- Contra a presente Resolución os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Mando e asinoo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

